



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO, ECOEMBALAJES ESPAÑA, S.A. E AS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, DA CORUÑA E DE VIGO, PARA O DESENVOLVEMENTO DA ESTRATEXIA DE ECONOMÍA CIRCULAR DE GALICIA 2018-2030.

En Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, Dña. Beatriz Mato Otero, Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, nomeada para dito cargo polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, en relación co establecido no Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das Consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra banda, D. Óscar Martín Riva, en representación, na súa calidade de Conselleiro Delegado, de Ecoembalajes España S.A., sociedade anónima sen ánimo de lucro, domiciliada en, inscrita no Rexistro Mercantil e con N.I.F. nº A/81601700.

Doutra parte, D. Juan Manuel Viaño Rey, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, segundo nomeamento efectuado polo Decreto 62/2014, do 28 de maio (DOG do 4 de xuño), actuando en nome e representación da mesma en



virtude dos poderes outorgados polo artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, e do artigo 85 do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro (DOG do 12 de febreiro), polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Doutra parte, D. Julio Abalde Alonso, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, segundo nomeamento efectuado polo Decreto 1/2016, do 8 de xaneiro (DOG do 11 de xaneiro), actuando en nome e representación da mesma en virtude dos poderes outorgados polo o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, e do art. 36.1.f) do Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio), polo que se aproban os estatutos da Universidade da Coruña, modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro).

E doutra D. Salustiano Mato de la Iglesia, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, segundo nomeamento efectuado polo Decreto 47/2014, do 24 de abril (DOG do 25 de abril), actuando en nome e representación da mesma en virtude dos poderes outorgados polo artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, e do artigo 58 Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro (DOG do 2 de febreiro de 2010), polo que se aproban os estatutos desta Universidade.

Todas ás partes se recoñecen mutua e reciprocamente plena capacidade para o outorgamento do presente instrumento e, a tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, vixente nos termos resultantes do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, atribúe a aquel departamento competencias e funcións en materia de avaliación e control da incidencia que sobre o ambiente provoque a actividade humana, o fomento de sistemas e estratexias de corrección da dita incidencia, a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, a xestión dos sistemas de observación ambiental e predición meteorolóxica de Galicia e o impulso da investigación ambiental e o desenvolvemento tecnolóxico para o logro da adecuada protección ambiental.

Segundo.- Que a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, pon a estas institucións ao servizo da sociedade atribuíndolles, entre outras, funcións de creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura así coma de difusión, valorización e transferencia do coñecemento ó servizo da cultura, da calidade da vida, e do desenvolvemento económico.

Terceiro.- A labor conxunta destas tres universidades permitirá dispor, de cara a consecución do obxecto perseguido por medio do presente convenio, de estruturas e capacidades en I+D a partires das cales os principios da Economía Circular poden ser investigados e avaliados dende diferentes disciplinas para abarcar os sete procesos que dela derivan: repensar e reducir, redeseñar, reutilizar, reparar, reciclar e recuperar. Con ese obxectivo, aportan capacidade e experiencia investigadora en ámbitos como biomasa e bioenerxía, química verde, xestión eficiente de recursos e de residuos, tratamento da auga, ecoinnovación, innovación dixital-smart process, novos modelos de negocio, regulamentación e normativas aplicables, ao tempo que



dispoñen de persoal investigador que leva anos desenvolvendo liñas relacionadas coa Economía Circular, no eido da redución e valorización de residuos sólidos e líquidos en sectores industriais como o agroalimentario (vitivinícola, pesqueiro), forestal ou téxtil, a través de tecnoloxías biolóxicas e outras tecnoloxías avanzadas. Así mesmo, teñen experiencia na Análise de Ciclo de Vida de Produto, no ecodiseño, desenvolvemento de sistemas de xestión ambiental, xestión sostible da cadea de fornecemento e loxística sostible. Outro ámbito de actuación é a captación e almacenamento de gases de efecto invernadoiro (GEI) e a remediación de solos contaminados.

Finalmente dende o ámbito socioeconómico inclúen liñas de investigación que abordan a economía da enerxía e do cambio climático, agricultura e gandería ecolóxica, o consumo e marketing responsable e sostible, a responsabilidade social das empresas, a educación ambiental e a comunicación e concienciación da cidadanía para facilitar o tránsito dende unha economía lineal.

Cuarto.- A Unión Europea comezou en 2010 a transformación do modelo económico imperante ata entón que desembocou na proposta, en decembro de 2015, dun paquete de medidas coas que se persegue transformar a economía lineal baseada no trinomio extraer-usar-e-tirar nunha economía circular na que, onde antes tiñamos residuos, agora temos recursos potenciais que poden ser utilizados de novo polo sistema de produción.

Ese paquete de medidas inclúe un bo número de propostas que terán un impacto importante nos máis diversos niveis tanto produtivo e económicos como sociais ademais dos puramente ambientais.

O Plan de Acción para a Economía Circular [COM (2015) 614 final], deseñado pola Comisión Europea baixo o lema “pechar o círculo” inclúe toda unha serie de propostas lexislativas sobre residuos para reducir os depósitos en vertedoiros e aumentar a preparación para a súa reutilización e reciclaxe, así como un Anexo con 54 medidas de desenvolvemento nos ámbitos da produción, o consumo, a xestión



de residuos, o mercado secundario de materias primas, e as accións sectoriais (plásticos, residuos alimentarios, materias primas críticas, construción e demolición, e biomasa e bioproductos) e o fomento da I+D+i.

Co obxectivo fundamental de facilitar e promover a transición da nosa Comunidade Autónoma cara unha verdadeira economía circular, segundo as premisas impostas no ámbito comunitario, este departamento autonómico fixouse o obxectivo de dotar a Galicia da súa propia estratexia de economía circular, co fin de desenvolver o marco establecido pola Comisión, adaptándoo ás súas peculiaridades económicas, sociais, naturais, produtivas e enerxéticas, comportando non só beneficios ambientais asociados á correcta xestión dos residuos, á protección do chan, das augas, do aire, ou do clima, senón que proporcionará igualmente beneficios económicos e sociais asociados.

Estimular a actividade sostible e facer realidade a economía circular requirirá do compromiso a longo prazo de todos os niveis sociais, económicos e, especificamente, educativos toda vez que será preciso abordar un verdadeiro cambio sistémico a fin de crear as condicións nas que a economía, da man da protección do medio ambiente, poida prosperar e os recursos rendabilizarse.

Neste contexto, e como xa foi posto de manifesto no ámbito comunitario, vai requirir de man de obra cualificada, con capacidades específicas e novas oportunidades de emprego, para que desenvolvan as capacidades axeitadas en todos os niveis, o apoio do sistema educativo é fundamental á hora de anticipar necesidades e fomentar o desenvolvemento de novas capacidades e outras medidas de apoio á creación de emprego “verde”.

A contribución das universidades ao desenvolvemento da ciencia e a cultura, o seu compromiso coa sociedade e as súas organizacións para desenvolver programas de formación e especialización profesional superior, así como a promoción e desenvolvemento de programas de formación continua, propios ou en colaboración, que faciliten a inserción laboral e a mellor adaptación dos cidadáns aos cambios que se operan no mundo profesional, xustifica a presente asociación de esforzos con



miras a favorecer o desenvolvemento de actividades de interese común, acrecentar a súa cooperación así como á hora desenvolver unha ampla gama de actividades docentes, académicas e investigadoras aquí relacionadas.

Quinto.- En data 30 de setembro de 2016 asinouse o Convenio Marco de Colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia e Ecoembalajes España S.A., o cal estableceu as condicións nas que a entidade xestora do Sistema Integrado de xestión de envases e residuos de envases, desenvolverá a súa actividade no ámbito da Comunidade Autónoma para o cumprimento das obrigas da responsabilidade ampliada do produtor do produto impostas pola Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados e as derivadas da Lei 11/1997, do 24 de abril, de Envases e Resíduos de Envases.

No marco do convenio, entre os compromisos do sistema integrado, está o de promover a realización de campañas de información e sensibilización ambiental en materia de xestión de residuos co cargo ao “fondo de valorización” que se poderán destinar á realización das actuacións acordadas polas partes, entre as que se atopan as referidas neste convenio e toda vez que, ámbalas dúas partes están involucradas na actualidade na promoción da economía circular.

Nas reunións no seno da Comisión de Seguimento do devandito Convenio Marco celebradas os días 16 de marzo e 19 de xullo de 2017, acordouse acometer unha serie de actuacións con cargo aos Fondos de valorización, particularmente no que se refire á elaboración dunha estratexia de economía circular para Galicia, coa indicación expresa de que sexa a Xunta de Galicia a encargada de desenvolver as actuacións que sexan precisas para a execución desa iniciativa.

Aos efectos anteriores a dita selección levase a cabo a través do presente convenio coas tres Universidades Públicas de Galicia, habida conta da súa condición de entes que forman parte del sector público institucional así como da súa ampla experiencia e capacidade nas materias obxecto do convenio, segundo se indica no expositivo terceiro.



Sexto.- Que en base ao anterior, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, ECOEMBALAJES ESPAÑA, S.A. e as Universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo, teñen o firme propósito de colaborar no desenvolvemento dunha Estratexia de economía circular de Galicia 2018 - 2030.

A tal efecto e en virtude de todo o que antecede, tódalas partes acordan subscribir o presente Convenio de Colaboración de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio.

As partes asinantes subscriben este convenio co obxectivo de colaborar na organización e realización de actividades comúns que permitan a realización de traballos de investigación, análise, estudo, formación, difusión de información e planificación de actuacións que, nas diversas áreas ou sectores, favorezan a transición da Comunidade Autónoma de Galicia cara unha auténtica economía circular así como o establecemento dos mecanismos que permitan a activa participación destas institucións na elaboración da futura Estratexia de economía circular de Galicia 2018 - 2030 a través das actividades desenvolvidas nos ámbitos da investigación, a docencia e o estudo.

Segunda.- Actuacións a desenvolver no marco do presente convenio

As actuacións a desenvolver consistirán, entre outras:

- Cada unha das tres universidades asinantes do presente convenio designará unha persoa **representante** que asumirá a coordinación dos traballos no seu ámbito respectivo de conformidade cos compromisos asumidos para a consecución do obxecto proposto correspondéndolle a dirección ao responsable nomeado pola Universidade de Vigo.



- Identificación, de conformidade coa estratexia global, comunitaria e nacional en materia de economía circular, das **áreas prioritarias** claves para a Comunidade Autónoma de Galicia (industria, alimentación, construción, turismo, política social e emprego, compra pública, vivenda, igualdade de oportunidades, inclusión social, I+D+I, xuventude, consumo, sector forestal, residuos ... etcétera) para o estímulo da transición cara o novo contexto nos correspondentes plans rexionais e/ou documentos programáticos.

A finalidade é, por un lado, coñecer en profundidade as principais debilidades da Comunidade Autónoma de Galicia na materia, as posibles fortalezas así como os principais factores e claves territoriais do seu desenvolvemento para abordar os múltiples retos e oportunidades que traerá consigo a transición cara a economía circular dende a perspectiva da súa integración no resto de estratexias autonómicas.

- Para as áreas de estudio identificadas, constitución dos **grupos de traballo** que, actuarán adscritos á coordinación das persoas responsables nomeadas por cada unha das tres universidades.

A través dos grupos de traballo efectuarase a análise ou diagnose previa así como a proposta de accións concretas no territorio da nosa Comunidade Autónoma que integrarán o plan de acción a escala autonómica.

- En particular, acometerase a fixación de **obxectivos estratéxicos por cada área** obxecto de estudio dende unha perspectiva integradora e multidisciplinar, coa participación dos máis diversos sectores sociais e económicos así como autoridades administrativas e da sociedade civil.
- Proposta das **liñas de actuación, instrumentos ou medidas** a desenvolver (de índole económica, normativos, de tipo divulgativo ou campañas de sensibilización, etcétera) para a consecución dos obxectivos propostos e adaptados aos recursos e/ou capacidades dispoñibles.



- Relacionaranse os **mecanismos de seguimento e avaliación dos avances** experimentados de cara a elaboración da estratexia.
Definiranse indicadores de consecución para cada unha das áreas prioritarias identificadas así como en relación coa consecución da estratexia da Xunta de Galicia no seu conxunto.
- Elaborarase unha **memoria económico-financeira** que avalíe axeitadamente os custos que esas propostas poidan representar e que considere as posibilidades ou alternativas existentes para o seu financiamento cando delas poida derivarse un incremento do gasto público.
- Desenvolveranse as canles axeitadas para facilitar o intercambio de información e a coordinación entre as administracións, a comunidade científica e os axentes económicos e sociais incluíndo a organización de foros, xornadas e eventos nos que se facilite a posta en común de coñecemento e información dispoñible.
- O resultado dos traballos desenvolvidos deberán culminar nunha proposta de Estratexia de economía circular de Galicia 2018 - 2030.

Terceira.- Compromisos das partes.

Con carácter xeral, todas as partes comprométense a colaborar e participar activamente no desenvolvemento das actuacións conducentes a consecución do obxecto do convenio baixo criterios de reciprocidade y complementariedade.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería asinante, facilitará ás Universidades tanta información dispoña relacionada coas materias obxecto do presente traballo.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio comprométese, con cargo aos fondos xerados como consecuencia dos acordos subscritos con Ecoembalajes España S.A., a detraer dos ingresos ao seu favor as cantidades necesarias, ata o límite dos importes que se sinalan para cada unha das



universidades, para a satisfacción dos custes que se deriven da execución das actuacións contempladas no presente convenio.

Pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio darase traslado do presente convenio á Comisión de Seguimento do Convenio Marco subscrito entre dita Administración e ECOEMBES, sinalado no Expositivo Quinto.

Ecoembalajes España, S.A., pola súa banda, comprométese con cargo aos fondos de valorización xerados como consecuencia dos acordos subscritos coa Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a financiar os custos dos traballos desenvolvidos ao amparo deste convenio de conformidade coa cláusula quinta.

No tocante ás universidades:

- A Universidade de Vigo coordinará a actuación das tres universidades e responsabilizarase da conclusión dos traballos.
- As tres universidades nomearán as persoas responsables por parte das súas institucións para o desenvolvemento das actuacións e a organizar os grupos de traballos organizados por áreas segundo as liñas estratéxicas básicas de estudo na nosa Comunidade Autónoma.
- Organizar xornadas para a difusión entre a comunidade universitaria das potencialidades do novo contexto de economía circular nas materias relativas ás áreas prioritarias identificadas no territorio galego (industria, alimentación, construción, turismo, política social e emprego, compra pública, vivenda, igualdade de oportunidades, inclusión social, I+D+I, xuventude, consumo, sector forestal, residuos ... etcétera).
- Elaboración de memorias por áreas de traballo.
- Redacción e proposta do documento final da Estratexia de economía circular de Galicia 2018 - 2030.
- Destacarán a colaboración da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en cantos medios se utilicen para a promoción e difusión das actividades (memorias, programas, carteis, web, notas de prensa, roldas de



prensa, etcétera), respectando en todo caso o logotipo ou as directrices de imaxe que se indiquen con este fin.

Será requisito imprescindible contar durante o proceso coa participación cidadá e buscar a máxima implicación dos axentes locais do territorio.

A estratexia deberá expoñer de forma clara como se tiveron en conta no seu desenvolvemento as visións da cidadanía, sociedade civil, institucións, etcétera.

Cuarta.- Comisión de Seguimento.

Tras a firma do presente Convenio constituirase unha Comisión de Seguimento con representantes designados por cada unha das partes asinantes. Dita Comisión responsabilizarase da planificación, seguimento e avaliación das accións derivadas do Convenio e do desenvolvemento normal dos compromisos asumidos, así como a análise, mediación e resolución das controversias ou dúbidas de interpretación que puidesen xurdir.

Estará composta, polo menos, por unha persoa representante designada por cada unha das partes asinantes do Convenio ou persoas nas que deleguen. A presidencia da Comisión recaerá na persoa representante da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, mentres que a secretaría será exercida pola persoa representante da Universidade de Vigo.

Quinta.- Financiamento.

O presente convenio non comporta obrigas de gasto para esta administración, carece de transcendencia económica dende o punto de vista da xestión orzamentaria autonómica.

Para a realización do proxecto obxecto deste Convenio de Colaboración, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio asume o compromiso, con cargo aos fondos xerados como consecuencia dos acordos subscritos con



Ecoembalajes España S.A., e así o acepta ECOEMBES segundo o acordado nas reunións da Comisión de Seguimento citadas no expositivo quinto, de detraer dos ingresos ao seu favor as cantidades necesarias, ata un máximo de cen mil euros (100.000 €), IVE incluído, e segundo a distribución que se sinala para cada unha das universidades, para a satisfacción dos custes que se deriven da execución das actuacións contempladas no presente convenio.

O importe máximo considerado distribúese como segue:

- Universidade de Santiago de Compostela: trinta mil euros (30.000 €) .
- Universidade da Coruña: trinta mil euros (30.000 €).
- Universidade de Vigo: corenta mil euros (40.000 €).

Serán financiáveis ao abeiro do presente Convenio aqueles custes que, de xeito indubitado obedezan a actividades realizadas na súa execución no período de vixencia establecido.

As cantidades ou gastos derivados da execución das actuacións obxecto do convenio serán facturadas a Ecoembalajes España S.A., por cada unha das tres universidades, con anterioridade á finalización do convenio segundo as indicacións estipuladas por esta entidade.

As achegas realizadas a prol das universidades irán destinadas ao financiamento dos custes xustificadas que se deriven da realización das actuacións descritas, e que poderán incluír todos aqueles gastos que foran necesarios, e particularmente a contratación de persoal con cargo ao financiamento. No caso que fose preciso contratar persoas ou servizos alleos ás citadas Universidades, a selección deberá de realizarse empregando criterios que garantan a concorrência e o libre mercado.

As achegas financeiras que se comprometan a realizar os asinantes non poderán ser superiores aos custos derivados da execución do convenio.

Sexta.- Propiedade intelectual.

Todo o material de difusión e información xerado (publicacións, folletos, etcétera), obxecto deste Convenio de Colaboración, será posto a disposición da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e deberá conter en lugar visible os logos da Consellería e doutros organismos participantes.

A propiedade intelectual será compartida entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e cada unha das tres universidades asinantes deste convenio que figurarían como coautoras dos materiais.

Sétima.- Protección de datos

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, as universidades asinantes deste Convenio cando teñan acceso en calquera fase do proxecto, a datos de carácter persoal, non revelarán a persoa allea a Xunta de Galicia información da que tiveran coñecemento, nin utilizarán ou disporán dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións descritas no Convenio, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de segredo fronte a Xunta de Galicia, sen prexuízo das responsabilidades que, por igual causa, puideran derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Oitava.- Relacións laborais

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente Convenio.

Novena.- Publicidade

A firma deste instrumento suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos referidos ó mesmo de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co o artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia , acceso a información pública e bo goberno e na liña do establecido no Decreto 126/2006, de 20 de xulio, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Décima.- Modificación

Calquera modificación deste Convenio que implique algunha alteración substancial do seu funcionamento ou das condicións económicas nel contidas incorporarase a este mediante unha addenda adicional proposta e aprobada pola comisión de seguimento.

Undécima.- Vixencia

O presente Convenio entra en vigor na data da súa sinatura e ten unha duración ata o 15 de decembro de 2018 sendo susceptible de prorroga antes da súa finalización de conformidade co establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Duodécima.- Extinción e causas de resolución

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.



c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados.

d) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no marco normativo vixente.

Decimo terceira.- Natureza xurídica e xurisdición competente.

O presente Convenio ten natureza administrativa e regúlase, ademais de polas súas propias cláusulas, polos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e polo resto de normas administrativas de aplicación.

O presente Convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, de conformidade co artigo 4; séndolle de aplicación con todo os principios do devandito texto legal para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen producirse, en defecto de normas específicas recollidas no propio Convenio e na citada Lei 40/2015.

O coñecemento dos litixios que puideran suscitarse en relación ó mesmo corresponde ós órganos da Xurisdición Contencioso - Administrativa.



XUNTA
DE GALICIA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Universidade de Vigo

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para coñecer as discrepancias que non poidan ser resoltas no seo da comisión de seguimento prevista na cláusula cuarta, no relativo á súa interpretación, execución, incumprimento, resolución ou nulidade.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio por quintuplicado exemplar, no lugar e data indicados ao comezo.

A Conselleira de Medio Ambiente
e Ordenación do Territorio

O Conselleiro Delegado
de Ecoembes

Beatriz Mato Otero

Óscar Martín Riva

O Reitor Magnífico da
Universidade de Santiago
de Compostela

O Reitor Magnífico da
Universidade
da Coruña

O Reitor Magnífico da
Universidade
de Vigo

Juan Manuel Viaño Rey

Julio Abalde Alonso

Salustiano Mato de la Iglesia